



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E A ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DO MAR DE MUXÍA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. DA BARCA 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con ABANCA e a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 16 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía para o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. Virxe da Barca 2017, por considerar este evento un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un





punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Terceiro.- A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é a entidade organizadora dos actos da Romaría da Barca . Esta asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

Cuarto.- A Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía, é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística.

A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

